


## O fitoplancto, o noso sorprendente amigo microscópico

O fitoplancto (1, 2, 3 e 4) son pequenos microorganismos que viven flotando na columna de auga; Son a base dos ecosistemas mariños e a súa función é vital na vida do planeta, xa que realizan a fotosíntese. Hai unha gran variedade de especies, como as diatomeas (2 e 4) ou os dinoflaxelados (1 e 3), de diferentes formas, tamaños e cores (1, 2, 3 e 4), e son alimento para moitos peixes (1, 2 e 4) e moluscos (3) no océano. Ademais, son responsables da produción do 50% do osíxeno que respiramos no planeta. Tamén son un medio para absorber CO<sub>2</sub>, xa que absorbe a cuarta parte do CO<sub>2</sub> que os humanos xeran cada ano.



## Paulo Alcaraz

É graduado en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo e ten unha alargada traxectoria en oceanografía colaborando co Grupo de Oceanografía biolóxica desta universidade desde o 2015. Participou en diversas campañas oceanográficas, presentando comunicacións en congresos internacionais, así como colaborando en actividades en divulgación científica da FECYT e da Xunta de Galicia. Actualmente é estudante predoutorando no programa de doutoramento DOMAR.

## Pablo Rosendo

É un ilustrador galego que reside en Vigo, con quince anos de experiencia profesional e unha infinidade de premios que avalan o seu bo facer. Pablo pode dicir que fixo de todo. Traballou para empresas, editoriais e entidades, ten publicado libros infantís e ten ilustrado máis de 50 libros de texto. Unha das súas últimas publicacións son *Sendas de Ons* de El Patito Editorial e *Cíes e Roque: Operación Reconquista* de Lobito Bueno.

Na actualidade, decidiu situarse a pé de rúa para poder traballar dun xeito máis directo con todas aquelas persoas que se paran marabilladas ante o seu escaparate da rúa Progreso, 30 de Vigo. Pablo é o encargado de converter en debuxos todos aqueles momentos e imaxes que os seus cliente desexan ter inmortalizados.